



POLOS CREATIVOS

SA-Harmonías en movemento
02-Encaixando melodías

Encaixando melodías

Achega

- Caixa de música.
- Cintas musicais.
- Perforador de cintas.
- Partitura.

Observa

As máquinas de música programables mediante tarxetas foron uns dos primeiros autómatas empregados pola humanidade. As tarxetas, perforadas por pequenos buratos, foron usadas en teares no mundo téxtil e tamén, con posterioridade, nos primeiros ordenadores.



As tarxetas, ben sinxelas, son pequenos anacos de cartolina que proporcionan información. Nos primeiros ordenadores foron un medio para o ingreso e almacenamento de datos na computación. Como pensas que funcionaban?

Indaga

- Si, poden ser uns simples buratos nunha cartolina, onde foron cambiando paulatinamente os formatos, pero... que tiñan de especial? Poderían ser todos iguais? Respondían a algunha orde ou disposición?
- Imos centrarnos nas pequenas caixas de música programables ou *componium* que veñen a estar accionadas por unha manivela. Esta transmite, con posterioridade, o movemento xiratorio a un cilindro pero... que é o que fai que se produza a música? Que elementos serán imprescindibles?

Prototipo

- No kit podes atopar unha pequena máquina musical, recomendamos ancorala empregando parafusos a unha base de madeira para poder collela axeitadamente e rotar a manivela. Explora posibles materiais para construír unha base sólida.
- Esta pequena máquina pode ler a túa tarxeta musical e producir unha suave melodía, adxudicando a cada perforación unha nota.
- Podes comezar collendo as propostas das muiñeiras e perforando as tarxetas para producir a melodía. Ollo, a perforación coa perforadora ten que ser o máis exacta posible para que soe ben.
- Cando teñas dominada a técnica e as muiñeiras serás quen de encaixar a túa propia “melodía Polos”?



Sigue o código QR do reverso para descargar o material complementario. Emprega o acceso de convidados.

